

A planificación por secuencias didácticas

M^a Teresa Neira González
CEIP PÍO XII
Santiago de Compostela

Que é unha secuencia didáctica?

- Enténdese unha **secuencia didáctica** como as sucesivas actividades que teñen como fin ensinar un contido educativo, pero caracterizada pola continuidade de interrelación, non pola adición.
- Está deseñada progresivamente, de tal xeito que unha actividade complemente e amplíe a anterior e proxectando a avaliación hacia a seguinte.
- Poden ser estables ou puntuais

Que é un proxecto??

- Un conxunto de actividades que desenvolve unha persoa ou unha entidade para alcanzar un determinado obxectivo. Estas actividades atópanse interrelacionadas e desenvólvense de maneira coordinada.

- Secuencia didáctica con texto expositivo??

Pero cunhas fases moi marcadas e ríxidas e con maior toma de decisións na programación por parte do alumnado.

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación no segundo ciclo da educación infantil na comunidade **autónoma de Galicia**:

- *Artigo 9. 4. As programacións didácticas de ciclo desenvolveráas cada mestra ou mestre en programacións de aula, organizadas en secuencias didácticas e/ou proxectos de traballo.*

INTERACCIÓN

Entendida como un proxecto único a realizar entre varias persoas. Todas poden adoptar diferentes roles.

- Como se ensina a traballar en pequeno grupo, parella,... asumindo un papel activo??

Tipos de secuencias didácticas que veremos

- Estables e puntuais.
- De Tipoloxía textual.
- De Lóxica-matemática.
- De Arte.

Secuencias didácticas de tipología textual

- Textos enumerativos
- Textos prescriptivos
- Textos informativos
- Textos literarios
- Textos expositivos

ESTRUTURA DA PLANIFICACIÓN (PROPOSTA POR MYRIAM NEMIROVSKY)

Propiedades do tipo de texto:

Función
Relación imaxe-texto
Autor/autores
Soporte
Público potencial
Tempos ou modos verbais
Relación co "real"
Personaxes
Extensión
Temática...
Fórmulas fixas
Léxico
Categorías gramaticais
Estrutura do texto
Tipografía
Formato
Uso posterior á lectura
Modo de lectura
Relación título-contido

Propiedades do sistema de escritura:

Diferenza debuxo-escritura
Propiedades cualitativas
Propiedades cuantitativas
Direccionalidade do sistema
Tipos de letra
Ortografía
Puntuación
Separación entre palabras...

SECUENCIA ESTABLE SOBRE TEXTO INFORMATIVO (PRENSA)

- Proposta: un día á semana, estable ao longo de todo o curso escolar, escritura do pé de foto dunha noticia.

Actividades

- Lectura tódolos martes dos titulares, subtulares e pés de foto das noticias mais destacadas nalgún xornal do día (empezaremos polos autonómicos). Reflexionaremos sobre o formato do xornal, o contido, o modo de lectura, as diferentes tipografías, as diferentes seccións e as imaxes.

- Lectura completa dunha noticia, elexida por min, agás o pé de foto.
- En gran grupo proposta de pés de foto reflexionando sobre a coherencia e a extensión. Escribiremos no encerado tódalas propostas e elexiremos unha.
- Escritura, respectando a etapa na que se atopan, por parte das nenas e nenos do pé de foto escollido nunha copia da fotografía.
- Cada nena e neno gardará na súa funda correspondente os seus traballos identificando o seu nome.

Obxectivos

- Ir apropiándose das distintas propiedades dos textos informativos.
- Recoller a súa evolución na aprendizaxe do sistema de escritura.
- Identificar e recoñecer o seu nome e o das súas compañeiras e compañeiros.
- Desenvolver hábitos de orde cos seus traballos.
- Participar nas actividades grupais.

Contidos referidos aos textos informativos

- Modo de lectura
- Formato
- Tipografía
- Relación imaxe-texto
- Relación co real
- Uso posterior á lectura
- Soporte

SECUENCIA PUNTUAL ESTABLE SOBRE PERSONAXES DE CONTOS

- Proposta: un día á semana, estable ao longo de todo o curso escolar, debuxar o personaxe principal do conto lido ese día.

Actividades a desenvolver:

- **Lectura habitual de textos literarios na aula,** sempre os luns, xoves e venres como primeira actividade do día. A lectura faise en silencio, sin interrupcións e sin ensinar as ilustracións, estas vense ao rematar a lectura. Os contos lidos teñen fórmulas de comenzo e remate (había unha vez... colorín colorado...), estrutura de texto narrativo – principio, nó e desenlace-, un léxico rico e variado e as ilustracións son de calidade.

“La importancia de leer en casa”

Guía para as familias

Antonio Ventura

- Cuadernos del observatorio de la lectura.1

Publicación del Pacto Andaluz por el Libro para el
Observatorio de la Lectura de Andalucía.

Fundamentalmente contribúe a familiarizar á nena ou neno coa estrutura do texto escrito e a súa linguaxe.

Ler en voz alta para o alumnado permite traballar a comprensión da lectura antes de que eles mesmos saiban ler

Isabel Solé , 1992.

- Os luns lemos un conto cuxo personaxe principal sexa unha persoa (nena, neno, home, muller, raiña, anano, et.)
- As nenas e nenos, de xeito individual, debuxarán o personaxe principal do conto lido e escribirán o título do conto.
- Cada nena e neno gardará na súa funda correspondente o seu traballo identificando o seu nome.

Obxectivos

- Ir apropiándose das distintas propiedades dos textos literarios.
- Recoller a súa evolución na representación do esquema corporal.
- Identificar aos personaxes dun texto lido.
- Recoller a súa evolución na aprendizaxe do sistema de escritura.
- Identificar e recoñecer o seu nome e o das súas compañeiras e compañeiros.
- Desenvolver hábitos de orde cos seus traballos.
- Participar nas actividades grupais.

Contidos referidos aos textos literarios

- Modo de lectura
- Formato
- Personaxes
- Relación título - contido
- Relación imaxe - texto
- Relación co real
- Uso posterior á lectura
- Soporte
- Autor/a/es/as

Secuencia didáctica puntual
matemáticas

Tarefa: decorar a cabaza para o Samaín

Actividades:

- Elexir o tema
- Resolución problemas: non temos palillos!
- Calculo por estimación: canto é a metade?
- Comprobación: instrumentos de medida a utilizar.
- Medida con regras transparentes.
- Transformación en púas.
- Execución da cabaza.

Obxectivos

- Desenvolver contidos matemáticos nunha situación contextualizada: contar e medir.
- Empregar a medida para a resolución de problemas.
- Introducir conceptos como «metade» e «centímetro».
- Utilizar axeitadamente un instrumento de medida convencional: a regra.

Contidos

- Interese por participar en actividades de lóxica-matemática.
- Uso correcto da regra.
- O conteo ata 12. Identificación da grafía.
- Unidades de medida: centímetros e metade.
- O cálculo por estimación e a resolución de problemas.

Indicadores de avaliación

- Participa activamente nas actividades propostas.
- escoita con atención as consignas dadas.
- Realiza aportacións coherentes para a resolución de problemas.
- Coloca a regra según a serie numérica ascendente.
- Localiza un dato numérico na regra.
- Rexistra correctamente ese dato.
- Recordar o léxico específico: centímetro e metade.
- Descubre novos usos do material empregado.

Secuencia didáctica estable
FRASES POÉTICAS

- Pedimos a colaboración das familias para que escriban nunha folla palabras bonitas (pola súa sonoridade, polo seu significado,...) organizadas en tres grupos:

sustantivos-verbos-adxectivos

- Lemos as aportacións de cada nena e neno e realizamos unha selección. Sempre podemos poñer de excusa, para quitar algunhas, que son demasiadas, que se repiten,... (ex: baloncesto, cemento, macarróns,...)

- Elaboramos tarxetas que recollan esas palabras e clasificámolas.

Sustantivos: son os nomes das cousas.

Adxectivos: son as palabras que din como son esas cousas.

Verbos: son as palabras que nos mandan facer accións (despois de traballar con receitas téñeno moi claro).

- Extraemos dúas tarxetas da caixa dos sustantivos, unha dos adxectivos e outra dos verbos.
- A partir de aquí xógase coa concordancia e escríbense todas as posibilidades.

Obxectivos da secuencia:

- Achegarse a algunhas das propiedades dos textos poéticos.
- Enriquecer o vocabulario.
- Evolucionar no proceso de representación a través da linguaxe plástica.
- Unificar linguaxe textual e linguaxe plástica.
- Diferenciar figura e fondo nun proceso de creación artística.

- Valorar a importancia do sentir estético nas propias produccións.
- Evolucionar na adquisición do sistema de escritura.
- Participar na organización dunha proposta colectiva.
- Respectar as produccións das compañeiras e compañeiros.
- Escribir o primeiro texto poético de dúas estrofas.

Contidos referidos ás propiedades do texto:

- Función
- Léxico
- Categorías gramaticais

Contidos referidos ás propiedades do sistema de escritura:

- Direccionalidade do sistema
- Cualitativas
- Cuantitativas

Arte e Teselas

Secuencia didáctica puntual

Arte e teselas

- Escher
- Paul Klee
- Vasili Kandisky
- Mondrian

- <https://vimeo.com/81120552>
- <https://vimeo.com/80928738>

Contidos matemáticos:

- Xeometría
- Agrupamentos
- Clasificacións
- Seriacións
- Cuantificacións
- Características e propiedades dos obxectos
- Construir e deconstruir
- Seleccionar
- Elexir
- ...

A química en educación infantil



- Secuencia didáctica estable que, unha vez ao mes, realizamos nunha aula de educación infantil que escolariza 25 nenas e nenos de 5 anos dun contexto urbano.

Método científico

1. Plantexar hipóteses.
2. Control de variables (nos non o fixemos, por ex. temperatura do leite).
3. Deseño e desenvolvemento do proceso experimental:

- a) Poder repetirse tantas veces como sexa necesario.
- b) Ser o máis sinxelo posible.
- c) Ser o máis económico posible sen que vaya en detrimento da súa calidade.
- d) Ser realista.
- e) Intentar confirmar a hipótese formulada.
- f) Ter ben definidas e claras as diferentes variables implicadas no experimento.
- g) Ter un experimento (ou mostra) de control cando sexa necesario.

4. Recollida e análise dos datos.
5. Redacción de conclusións.

TEXTOS PRESCRIPTIVOS: regulan de forma precisa o comportamiento humano para a consecución dalgún obxectivo.

Modelos de textos prescriptivos:

- Instruccions escolares
- Receitas de cociña
- Prácticas de química
- Regulamentos
- Normas
- Instruccions de manexo de aparatos
- Et.

A medida

Secuencia didáctica puntual

- O aspecto conceptual abordado é a medida como magnitude e os centímetros como unidade

- Os aspectos notacionais traballados foron os numerais (18, 19, 20,...), a función cuantitativa (neste caso indican cantidade) e a relación magnitude-cantidade de díxitos (na medida do pé os números sempre teñen dúas cifras. O n° 15 para bebé e o n° 63 do pé máis grande).

- As nenas e nenos debuxaron, de xeito individual, a plantilla do pé sobre papel. O alumnado percibiu a dificultade de realizar esta actividade porque costoulle moito o movemento que tiñan que realizar agachados, sen que se desprazara o pé e de percorrer co lápiz a silueta, sobre todo no talón. O tamaño da plantilla, en varios casos, non se correspondía coa realidade

- Cada alumno escolleu un instrumento de medida convencional. As opcións que tiñan eran regras cos números moi pequenos, metros e cintas métricas.
Nesta 1^a actividade de medida tiñan total liberdade para elixir.

- Individualmente mediron a plantilla do pé e anotaron o resultado. Á maioría do alumnado que aínda non domina a serie numérica non se lle ocorreu que podía rexistrar o dato numérico copiándoo directamente do útil empregado.

- Dispoñían dunha táboa de números similar á que empregamos habitualmente para rexistrar a data, pero con numeración ata o 35, que podían empregar para localizar o dato que precisasen. Isto obrigoulles a empregar o conteo como estratexia para resolver a localización dun número.

- Repetiron o debuxo da plantilla do pé, agora por parellas. Estas plantillas pintámolas e plastificámolas para que se convertiran nun material ao que lle podíamos dar máis usos que o da medida. Desechamos as que realizaran individualmente.

- En grupo reflexionaron sobre que instrumento de medida (metro, cinta métrica, regla) resultou máis doado de manexar na actividade anterior.
- Escolleron a cinta métrica porque permitía ver os números con claridade aínda que requiría maior atención para elixir o lado que empregaban, o da serie ascendente.

- Medimos a plantilla do pé e realizamos un rexistro do dato en centímetros.

- Registramos o número de calzado que usamos. Nesta actividade o descubrimento foi localizar en cantos sitios distintos do zapato aparece este dato: na suela, na lengüeta, na plantilla, no lateral interior,...

- Empregamos unha unidade non convencional para medir o pé e rexistramos o dato numericamente.
- Por parellas mediron con dedos. Un membro da parella poñía os dedos e o outro contaba, descartamos os pulgares porque “separaban moito unha man da outra”. A dificultade xurdíu cando os 8 dedos non eran suficientes. O cruce de mans que tiñan que realizar para colocar máis dedos, que man movían, como continuar contando,...

- Isto permitiu que realizasen unha anticipación da suma: “si parei de contar en 8 dedos e me engaden outra vez 4 dedos non volvo a comezar no 1, teño que engadir e continuar no 9, 10,…”
- Esta actividade realizábase os dous membros da parella.

- Pensaron, individualmente, noutra medida non convencional, realizárona e rexistraron o dato numérico (lápices, rotuladores, gomas, et.)

- Compararon os datos rexistrados referidos á medida dos seus pés (todos tiñan dous díxitos) e os datos obtidos nos zapatos (todos tiñan tamén dous díxitos)

- Agruparon as plantillas dos pés que medían o mesmo. A cada plantilla puxéramoslle unha pegatina que recollía a medida en centímetros.

- Compararon e reflexionaron sobre a diferenza nos números correspondentes á medida convencional en centímetros e o número de calzado que usaban xa que estes datos non coincidían. Isto levounos a investigar sobre cal sería a unidade que se emprega na numeración do calzado e descubrimos que é o “punto París”

- Calcúlase multiplicando por 1.5 a medida do pé en centímetros. Limos ademais unha información adicional na que se recomenda que se engada 1cm á medida do pé porque hai que ter en conta que ao camiñar o pé estírase ao pisar o chan polo que o zapato debe ser algo máis grande ca o pé, é dicir, para que un zapato resulte cómodo debemos avanzar o pé ata tocar a punta e debería sobrar espazo na parte traseira del para que colla un dedo. Conseguiríamos así o que se denomina “medida do pé en actividade”

Enderezo secuencias didácticas sobre traballo con texto literario e proxectos:

- www.aiovai.org
- 5 recursos educativos abertos sobre como ensinar a ler e escribir.

Grazas pola súa atención